



Pilar García Negro, durante a plantación do magnolio incluída na homenaxe de onte. FOTOS: CARLOS CASTRO

## García Negro, homenaxeada nos lugares da nenez luguesa

A escritora foi distinguida pola asociación de escritores

LUGO / LA VOZ

Pilar García Negro volveu onte a escenarios da súa nenez. A viaxe fíxose tamén, de maneira simbólica, no tempo, pois os lugares elixidos, aínda presentes, teñen que ver cos anos da infancia pasados na cidade. A razón dese percorrido algo retrospectivo estaba na homenaxe que se lle rendeu, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

A profesora e ensaísta, coñecida tamén pola súa dimensión política no BNG, escolleu a Praza do Ferrol, na que pasou horas por estar alí o seu colexio e por ser un dos lugares de xogos. As lembranzas persoais pasaron a ter presenza para todos, pois nese lugar descubriuse un monolito e plantouse un magnolio.

No monolito, elaborado por Xavier Quijada, inclúese unha expresión de Ricardo Carvalho Calero que se refire ao Miño como «presidente dos ríos galegos»



Asistentes ao acto, que estivo acompañado por un tempo de verán.

e se recolle a presenza da Muralla como «sinal da nosa historia e do noso futuro».

Os actos seguiu na Casa do Concello, onde a asociación organizadora do acto —representada onte en Lugo polo seu presidente, Cesáreo Sánchez— lle entregou a Pilar García Negro a letra E coa que se distingue aos premiados. Representantes da vida social e cultural de Lugo asis-

tiron ao acto da Praza do Ferrol e ao da Casa do Concello, que logo tiveron continuidade cun xantar de irmandade. Estas homenaxes comezaron a celebrarse en 1995, e daquela o autor elixido foi Antón Avilés de Taramancos; Manuel María, María Xosé Queizán, Manuel Lourenzo, Agustín Fernández Paz ou Marica Campo foron outros autores recoñecidos dende entón.